

Proposta de Traballo Fin de Máster

Profesor/a titor/a

Francisco Ónega López
Eduardo Corbelle Rico

Título

Avaliación práctica dun algoritmo xenético para a permuta de parcelas entre múltiples propietarios.

(podería dar lugar a dous TFM, en diferentes áreas de estudo)

Obxectivos

A permuta de múltiples parcelas entre un número elevado de propietarios pode resultar en ocasións unha alternativa atractiva, de menor custo e menor impacto sobre a paisaxe, fronte aos procesos de concentración parcelaria nos que se redefine por completo a estrutura do parcelario. A complexidade derivada do elevado número de solucións posibles, non obstante, fai recomendable o uso de ferramentas que axuden a determinar solucións aceptables.

O obxectivo do traballo proposto é avaliar o desempeño nunha contorna real dunha ferramenta recentemente desenvolvida. En particular, interesa determinar o interese mostrado por propietarios reais nun proceso deste tipo, o carácter satisfactorio ou non das solucións propostas polo algoritmo, os obstáculos de tipo social, legal ou técnico atopados, e os requirimentos adicionais que os propietarios desexarían incorporar no proceso.

Metodoloxía

O traballo será desenvolvido mediante a interacción cun número de propietarios/as comprendido entre 10 e 20, cada un dos cales deberá designar entre 2 e 10 parcelas para un hipotético proceso de permuta. A partir desta información, o/a alumno/a recibirá un conxunto de solucións posibles xeradas coa axuda do algoritmo xenético. Tratarase, a partir delas, de explorar cales son os obstáculos detectados, e as reaccións dos propietarios contactados.

Medios necesarios

Prevese a necesidade de realizar desprazamentos á área de estudo, nun número mínimo de 3 e máximo de 10.

Breve bibliografía orientativa

Cay, T., T. Ayten, and F. Iscan (2010). Effects of different land reallocation models on the success of land consolidation projects: Social and economic approaches. *Land Use Policy* 27(2), 262–269.

Hartvigsen, M. (2014). Land reform and land fragmentation in Central and Eastern Europe. *Land Use Policy* 36(0), 330–341.

Lisec, A., T. Primožič, M. Ferlan, R. Šumrada, and S. Drobne (2014). Land owners' perception of land consolidation and their satisfaction with the results – Slovenian experiences. *Land Use Policy* 38(0), 550–563.

Van Dijk, T. (2007). Complications for traditional land consolidation in Central Europe. *Geoforum* 38(3), 505–511. Post Communist Transformation.